

Liga Municipal de Fútbol Sala Concello de Mesía



Normativa tempada 2008/2009

**Normativa interna
e condicións da Liga Municipal de Fútbol Sala
do Concello de Mesía 2008/2009**

Artigos

Artigo 1. O Comité Organizador da Competición

Artigo 2. Os equipos e os xogadores

A) Os equipos

B) Os xogadores

Artigo 3. Os partidos e as xornadas

A) Os partidos

A.1) As actas

B) As xornadas

C) As suspensións e os aprazamentos

Artigo 4. A liga

Artigo 5. Os trofeos

Artigo 6. O réxime económico

Artigo 7. O réxime disciplinario

A) As tarxetas

B) A descualificación, a retirada e non a presentación de equipos.

Presentación

- A liga estará en todo momento rexida baixo o **Regulamento Oficial de Fútbol Sala da Federación Galega de Fútbol Sala** da tempada actual.
- Antes do comezo da liga entregarase aos equipos inscritos o calendario da liga e o regulamento que deberán coñecer.
- Só se modificará a data dalgún partido no caso de que a organización vexa que o equipo ten un motivo xustificado. Os equipos poderán ter 15 xogadores polo que a falta de xogadores non é algo xustificado.
- O que si se poderá modificar son os partidos que se realicen na mesma xornada, sempre e cando os catro equipos implicados estean de acordo co cambio. Neste tipo de modificación do calendario a organización non terá ningún poder de decisión sendo os equipos implicados ou interesados os encargados de modificar os horarios. Para a realización do dito cambio os catro equipos implicados asinarán unha folla - tipo, sen esas sinaturas non haberá cambio (por exemplo, se un dos días se xoga a primeira hora e se quere xogar á última, os equipos implicados neses partidos terán que asinar a folla confirmando que están de acordo con este cambio). Os cambios daranse a coñecer a semana anterior senón non se realizarán.
- O taboleiro de anuncios do Polideportivo de Olas, a Casa da Cultura de Xanceda e o blog de Deportes do Concello de Mesía serán os lugares onde se expoñan todas as comunicacións oficiais da competición. É obriga dos equipos consultar periodicamente a información que se facilite nos ditos lugares. De igual forma, no blog de Deportes porase tamén toda a información, as clasificacións e as resolucións do Comité de Competición.

Artigo 1. - O Comité Organizador da Competición

O Comité de Competición terá como funcións principais as de tomar decisións sobre as sancións producidas e sobre calquera outra incidencia que afectase ao regulamento ou á competición. O dito comité reunirse tantas veces como sexa necesario de forma extraordinaria.

- Todos os equipos participantes e todas as persoas vinculadas a esta liga velarán en todo momento polo cumprimento destas normas, cooperando en todo momento coa organización.
- A participación nesta liga implica a aceptación deste regulamento así como das decisións que poida tomar o comité organizador, para o mellor funcionamento desta competición.

Artigo 2. – Os equipos e os xogadores

a) Os equipos

- Para poder participar na competición todo equipo deberá:
 - Aboar (ata 15 días antes do comezo da liga) o pago de 8 fichas de xogador mínimo (por ingreso): 32€ por ficha x 8 fichas= **256 euros**
 - Aboar (sen ingreso) **100 euros** de fianza na Casa da Cultura de Xanceda.
 - Cubrir a folia de inscrición aceptando esta normativa.
 - Presentar foto carné e fotocopia do DNI por cada inscrito.
- Para disputar os partidos cada equipo deberá presentarse debidamente uniformado (todos coa mesma camiseta, pantalón, medias e numeración correspondente) e un balón regulamentario, todo en condicións óptimas de ser utilizado.

A organización sancionará con 3 € ao equipo que non cumpra coa dita norma permitindo só que nas dúas primeiras xornadas se cumpra a norma de utilización das camisetas iguais, sendo para o resto de xornadas obrigatorio o equipamento igual para todos os xogadores.

- Cada equipo non poderá ter máis de 15 xogadores inscritos e o adestrador ou delegado ou os dous terán que estar tamén inscritos senón o árbitro poderá retirar a xente da pista.

b) Os xogadores

- No momento en que un equipo chegue aos quince xogadores entrará en vigor o período de altas e baixas sendo cada alta dun custe de 32 euros.
- Se non chegou aos quince xogadores poderá meter a máis xogadores ata a metade da liga. Pasada esta data non se poderán facer fichaxes.
- Unha vez rematado o prazo indicado, se ten menos de 15 xogadores, considerarase a entrada dun novo xogador como unha alta tendo que pagar 32 euros.

- As altas novas que se produzan teñen que aportar os datos do xogador e pagar 15 días antes do partido no que quere debutar para que o seguro sexa válido.
- Calquera xogador inscrito nesta liga non poderá darse de alta noutro equipo desta mesma liga baixo ningún concepto durante o resto da tempada, aínda que se dese de baixa do primeiro equipo.
- No caso de aliñación indebida dun xogador aplicarase o establecido no réxime disciplinario.
- Esta liga é de categoría única (absoluta masculina e feminina) e nela poderán participar todol@s nacid@s antes do 1992 (16 anos cumpridos ou que os cumpran durante a competición).

Artigo 3. – Os partidos e as xornadas

a) Os partidos

- Os partidos darán comezo á hora fixada no calendario salvo retraso por problemas de xogo nos anteriores partidos ou organizativos. Non se darán minutos de cortesía e así, cando a mesa indique o inicio do partido (que non poderá ser antes da hora que pon o calendario) os dous equipos teñen que ter os xogadores necesarios para disputar o partido na pista, de non ser así este daríase por perdido por 3-0 ao equipo que non cumpra esta norma.
- O mínimo de xogadores para disputar un partido será de 5, 4 xogadores de campo e o porteiro. Se se retirase algún xogador durante o transcurso do encontro e o equipo quedase sen xogadores suficientes para continuar, daríase o partido como perdido por 3-0 aínda que fose gañando nese momento (o número de xogadores vén no regulamento da federación galega de fútbol sala).
- Durante o desenvolvemento dos partidos, na pista unicamente poderán estar os xogadores suplentes de cada equipo e os seus respectivos adestradores ou delegados, procurando manter unha distancia **axeitada** das liñas de banda. En ningún caso se permitirá a presenza de acompañantes ou afeccionados dentro da pista.
O delegado ou o adestrador de cada equipo velará polo bo cumprimento desta norma.

a.1) As actas:

- Será necesario presentar as fichas á mesa 15 minutos antes do encontro. Se por esquecemento non se presentasen, o delegado ten a obriga de presentar unha relación con nomes, apelidos e números e orixinal do DNI dos participantes no partido.
- Unha vez finalizado o partido, o delegado ou responsable do equipo asinará a acta, certificando que o que o colexiado escribiu é correcto e está de acordo co dito nela. De non ser así, escribirá as súas alegacións.

- As actas que estean sen asinar entenderanse que están correctas e eses datos serán os que aparezan como resultados.
- Unha vez actualizados os resultados non se modificarán a non ser por erro ao pasalos da acta ao ordenador. Lembramos que se publicarán as actas dos partidos. Isto axudará a que os equipos controlen que os datos dos partidos pasados ás estatísticas sexan os correctos.

b) As xornadas

- Os equipos disputarán os partidos entre os luns e os mércores.
- Non haberá partidos aprazados salvo causa xustificada e aceptada polo comité de competición. Se non se pode vir a un partido haberá unha sanción económica de 20 € (por partido non presentado).
- Antes de comezar a seguinte xornada publicaranse (os xoves) os resultados da xornada disputada, a clasificación, os partidos a disputar na seguinte xornada, a notificación dos xogadores sancionados e os xogadores con catro tarxetas apercibidos de sanción ao igual que os equipos ou xogadores que teñen que dar cartos á organización por temas de sancións (nun principio sacárase da fianza que ten cada equipo, o acabarse esta terán que pagar a sanción antes do seguinte partido).

c) As suspensións e os aprazamentos dos partidos

- Non poderán **suspenderse ou aprazarse** partidos de liga sen motivo aparente, como poidan ser partidos televisados, celebración ou falta de xogadores (cada equipo ten posibilidade de facer 15 fichas) etc; Só se aprazarán aqueles partidos que por causas de forza maior así o requiran.
- Será motivo de suspensión de partidos as condicións climatolóxicas adversas, a celebración de eventos no polideportivo municipal, o peche das instalacións por festividades, os problemas que non dependan da organización da liga,...

Artigo 4. - A liga

- A liga será a dobre volta.
- O campión de liga será o que quede primeiro ao rematar as dúas voltas.
- Xogarase co seguinte sistema de puntuación:
 - Partido ganado: 3 puntos.
 - Partido empatado: 1 punto.
 - Partido perdido: 0 puntos.
- A clasificación, en caso de empate a puntos entre dous ou máis equipos, resolverase do seguinte xeito:
 - Resultados dos partidos entre eles.

- Diferenza de goles entre os equipos empatados nos dous partidos no caso de que se xogaran entre eles.
- Diferenza total de goles (a favor menos en contra).

Artigo 5. – Os trofeos

- Para os tres primeiros equipos da liga.
- Para o equipo máis deportivo: o que teña menos puntos sancionadores ao final da liga (tarxeta amarela 1 punto, azul 3 puntos, vermella 10 puntos).
- Para o máximo goleador.
- Para o porteiro menos batido.

Artigo 6. – O réxime económico

Deberase pagar a **cota** de cada ficha 15 días antes da primeira xornada.

Cada equipo debe pagar un mínimo de 8 fichas (por ingreso) e unha fianza de 100 euros (sen ingreso, na Casa da Cultura) para que se considere efectiva a inscrición do equipo. Con isto o equipo e cada xogador terá incluído todo o seguinte:

1. As arbitraxes (agás as sancións, que non estarán incluídas)
2. O seguro deportivo
3. Os trofeos e os agasallos
4. A festa final liga
5. A fianza para cobro de multas por sancións.

- **A fianza** será devolta sempre e cando non se descontase diñeiro de sancións. Abonaríase ao final da liga só o que quede da fianza no caso de que non se gaste todo o diñeiro dela.

- O equipo que non efectúe o pagamento no prazo establecido non poderá iniciar a competición e será automaticamente excluído da competición pasando a formar parte dela algún dos equipos que ese momento estea en reserva.

- Se non chega o diñeiro da fianza terán que aboar antes de cada partido o diñeiro que lle corresponda á sanción imposta.

- Os cartos que, polos motivos expostos nesta normativa non sexan devoltos aos equipos utilizaranse para pago de arbitraxes presentándose coma ordenante do ingreso o responsable do equipo que perdeu os seus dereitos da fianza.

Artigo 7. – O réxime disciplinario

O xogo limpo é un dos nosos obxectivos fundamentais e como tal será premiado de forma especial. De igual forma serán castigadas aquelas accións violentas e antideportivas que afecten aos árbitros, aos integrantes dos equipos, ao material de ambos e ás instalacións deportivas.

a) As tarxetas sancionaranse do seguinte xeito:

- A tarxeta vermella: 15 €
- A tarxeta azul: 5 €
- A tarxeta amarela: 1 €
- 2 tarxetas amarelas no mesmo partido (= tarxeta azul): 5 €
- A acumulación de 4 tarxetas amarelas (incluída a tarxeta azul): 8 €

O criterio sancionador será o seguinte:

- Vermella directa por agresión a un contrario: mínimo 3 partidos de suspensión dependendo da seriedade da acción e a consideración do que poña o árbitro na acta do partido.
 - Azul directa por falta grave: mínimo 1 partido de suspensión (a consideración do árbitro según o que poña na acta do partido).
 - Azul por dúas amarelas: 1 partido.
 - Acumulación de catro amarelas: 1 partido.
- Os xogadores sancionados con non xogar algunha xornada, será sempre na seguinte xornada. A sanción publicárase no blog de deportes e na porta do polideportivo antes do partido. Non se lle comunicará ao xogador.
- Os xogadores sancionados deberán aboar os cartos antes da disputa da seguinte xornada na Casa da Cultura. De non ser así, descontárase directamente da fianza do equipo ó que pertenza. Se se esgotase a fianza, o xogador sancionado non podería xogar ningún partido máis na tempada ata que se poña ao corrente do pagamento.
- Tomaranse **medidas disciplinarias especiais** a todo aquel xogador, adestrador, delegado de equipo e acompañantes que actúe de **forma desmesurada e cun comportamento inapropiado** a unha disciplina deportiva, podendo ser expulsados das instalacións e da competición a criterio do comité organizador. Isto considérase como falta grave polo que pode chegar á perda da fianza aínda que a penalización sexa dun só xogador.
- Todo xogador ou delegado de equipo que agrida a un colexiado ou organizativo, fará que o seu equipo sexa eliminado automaticamente da competición. O xogador causante da agresión non volverá a xogar durante 2 tempadas nesta competición.
 - Todo equipo que provocase ou participase nalgunha pelexa que causara a suspensión do encontro e o árbitro non especifique o xogador ou xogadores causantes do feito, será sancionado coa expulsión do campionato.
 - Todo equipo cuxa afección provocase calquera tipo de altercado co equipo contrario, co arbitro ou con algunha persoa deste campionato, e o equipo non intentase mediar para resolver o problema, será sancionado con 40 euros.

- Todo equipo implicado nalgún dano na instalación ou materiais dos competidores, árbitros ou organizativos terá que facer fronte a unha sanción económica equivalente aos danos ocasionados, ademais da sanción deportiva para o xogador causante do acto. En caso de non facer fronte á sanción o equipo poderá ser descalificado da competición.
- A **aliñación indebida** dun xogador será sancionada coa perda do partido por 3-0 e unha multa de 20 euros.

b) A descalificación, a retirada e a non presentación de equipos

- A falta dun equipo a catro partidos de liga supón a súa descalificación para a competición perdendo todos os seus dereitos sobre a competición e non se lle devolverá a fianza.
- A descalificación e retirada dun equipo da liga será sancionada coa retirada de todos os puntos e goles dende o principio da liga non valendo ningún dos resultados.
- Os tres goles no caso da non presentación dun equipo anotánsense ao xogador do equipo gañador que figure nesa xornada como o máximo goleador do equipo.
- A non presentación dun equipo en data e hora establecida para disputar o seu encontro de liga ou copa será sancionada con 20 euros, que serán descontados da fianza. Ao acabarse a fianza os equipos deberán pagar a sanción antes do seguinte partido. Se non se pagase a sanción, o equipo en cuestión non poderá xogar o seguinte partido acumulando outros 20 € de sanción.

A inscrición do equipo nesta competición supón o coñecemento e a aceptación desta normativa por parte do delegado e do resto de membros do equipo.